



# Só lles falta falar

## Clube canino

(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . [www.sollesfaltafalar.org](http://www.sollesfaltafalar.org)  
[info@sollesfaltafalar.org](mailto:info@sollesfaltafalar.org)

## DECÁLOGO DO BO DONO

### 1 Antes de ter un can, asesórate!

Ten claro o que significa, fala con donos de cans, contacta con profesionais. O can será un máis da túa familia durante moitos anos, necesitará tempo, custa cartos, condiciónache as vacacións...

### 2 Considera a adopción coma a primeira opción antes de mercar un can!

Visita as canceiras da túa contorna. Hai moitos cans que están esperando un novo fogar. Recomendamos que te deixes asesorar. Se podes, faille un test de carácter para saber o grao de dominancia, o exercicio que necesita... Podes buscar un can que se adapte ao teu estilo de vida.

### 3 Considera a esterilización!

Non ten ningún efecto negativo e axuda a ter o can equilibrado na súa conduta. Evita conflitos entre machos ou que escape, tamén prevén de enfermidades coma o cancro e, sobre todo, de camadas non desexadas.

### 4 Non apartes os cachorros da súa nai antes das 8-10 semanas!

É moi importante para a súa saúde mental e para a súa primeira socialización. O cachorro aprende da súa nai a como comportarse.

## 5 Ten o teu can vacunado, desparasitado,asegurado e con microchip!

É o mínimo que podemos esperar dun dono responsable, evitar enfermidades , contaxios, e manter a saúde do noso can. Débese cumprir coa legalidade vixente.

## 6 Recolle os excrementos do teu can!

Os donos de cans somos os primeiros responsables para darlle unha boa imaxe á sociedade. Temos que ser responsables. Se non o fas prexudicararnos a todos os que temos cans.

## 7 Socializa o teu can!

Fundamental para que teu can aprenda a vivir con outros conxéneres, con ruídos, humanos, nenos... É a primeira medida para evitar conflitos. O que se aprende de cachorro xa non o esquecerá de maior. É fundamental para a súa saúde psicolóxica.

## 8 Educa o teu can!

A educación básica EN POSITIVO é moi importante para poder moverte con el na nosa sociedade. Recomendamos que busques axuda profesional, coma clases cun adestrador canino. Facilitarache moito a tarefa e axudarache a entender o teu can. Aprende algo de linguaxe canina e ten uns coñecementos básicos.

## 9 Coida a hixiene do teu can!

Necesita cepillados, limpar os dentes, as orellas... A hixiene é unha parte máis das tarefas que hai que realizar para vivir en sociedade e, coma nos humanos, axuda a coidar a saúde.

## 10 Dedicar o tempo suficiente ao teu can!

O can necesita exercicio físico e cognitivo, non só saír facer as súas necesidades ou estar ao aire libre. O can necesita do teu tempo e da túa dedicación.

